O CORREO ELECTRÓNICO

O correo electrónico é un servizo de rede que permite enviar e recibir mensaxes mediante sistemas de comunicación electrónica, pero non só texto, senón todo tipo de documentos dixitais.

O seu funcionamente é semellante ó do correo postal, xa que ambos permiten enviar e recibir mensaxes, que chegan ó seu destino grazas á existencia dun enderezo. O correo electrónico , no canto das caixas de correo, emprega servidores que gardan temporalmente as mensaxes ata que o destinatario as revisa. Cando alguén envía un correo, primeiro chega ó seu servidor de correo, que o envía ó servidor do destinatario, onde a mensaxe queda almacenada ata que o destinatrio se conecte ó servidor.

Estrutura básica dos correos electrónicos

- Destinatario: para especificar o destinatario da mensaxe, temos varias opcións:
    - Para: escribimos o seu enderezo (un ou varios, separados por comas).
    - CC (Con Copia): se se quere facer chegar unha copia da mensaxe a outras persoas.
    - CCO (Con Copia Oculta): se se quere facer chegar unha copia da mensaxe a alguén sen que o destinatario o vexa.
- Asunto: descrición curta ou tema da mensaxe.
- Mensaxe: o contido
- Arquivos adxuntos: para traspasar datos informáticos de calquera tipo mediante o correo electrónico.

Quen reciba a mensaxe, ten tamén distintas posibilidades: poderá lela, responderlle á persoa que a emitiu (existe a variante: “responder a todos”, que pon como destinatarios tanto a quen a enviara como a quen estaba no campo CC), reenviala a outros destinatarios, arquivala, borrala de maneira permanete, marcala, engadirlle etiquetas , catalogala como correo non desexado…